

Novidades

O señor Ibrahim e as flores do Corán. Eric-Emmanuel Schmitt

Gundar e o cabalo de oito patas. Xelucho Abella.

El mundo según Monsanto. Marie-Monique Robin.

Viva la vida.. Cold play

Antoloxía consultada da poesía galega. Arturo Casas.

8 de marzo Día da Muller

A las que se rebelan, no se callan, las humildes y las mansas; las que imaginan cosas imposibles, el derecho a ser felices; a las que viven solas, pisoteadas, las que ya no esperan nada; a las desamparadas, olvidadas, las que caen y se levantan...

Cuántas vidas humilladas, cuántas lágrimas calladas, lo más triste es la tristeza, en el club de las mujeres muertas.

A veces porque miran, porque callan, porque piensan se delatan; a veces porque cuentan, porque lloran o porque no entienden nada; hay quien perdona todo a quien las mata, por un beso, una mirada; hay quien lo espera todo de quien ama y no pierde la esperanza...

Cuántas vidas humilladas, cuántas lágrimas calladas, lo más triste es la tristeza, en el club de las mujeres muertas.

Quemadas, arrastradas por los pelos, torturadas, devastadas, violadas legalmente, apuñaladas, algún juez las mira y pasa. Dicen que tienen celos y se nublan, que no saben lo que hicieron y cuando beben dicen no ser ellos, "yo soy yo más este infierno".

Cuántas vidas humilladas, cuántas lágrimas calladas, lo más triste es la tristeza, en el club de las mujeres muertas.

Victor Manuel

X & Q

Sandwich cultural

A construcción do xénero nos contos infantís.

Moitas foron as actividades desenvolvidas pola biblioteca dende a publicación do noso último sándwich:

- Cos clubes de lectura fomos ao cine, vimos fotos, fixemos outras e mesmo llimos.
- Laura gañou o primeiro premio do Concurso de Cartas de Amor
- Recibimos moitas novidades de música, literatura e DVDs.
- A exposición do Día da Muller.
- Prestamos algúin libro, menos DVDs e case ningún disco.

Pero supoño que non é necesario que vos contemos todo isto porque sodes habituais da nosa páxina web, verdade?

A construcción do xénero nos contos infantís.

Nacemos nenos e nenas e en consecuencia somos do sexo feminino ou masculino. Diferenciámonos por unha serie de rasgos físicos. Nacemos iguais e á vez diferentes sen ser esa razón de desigualdade. Sobre esta base biolóxica que é o sexo, a cultura e a sociedade constrúe o que se denomina xénero que consiste en atribuír, en función de ter nacido neno ou nena, un conxunto de pautas de comportamento, valores, actitudes, condutas que diferencian a homes e mulleres. Por bioloxía nacemos nenos ou nenas por cultura aprendemos a comportarnos coma home ou mulleres. O sexo venmos dado pola natureza o xénero aprendémolo por aprendizaxe social.

Na construcción de xénero prodúcese a discriminación xa que a atribución de maneiras de ser e valores están baseados non na realidade senón en estereotipos e prexuízos interesados que se utilizan como pretexto para dicirlle á muller que non merece o mesmo trato nin ten os mesmos dereitos. Aprendemos dos medios de comunicación, da familia, do cine, do noso grupo de iguais. Os contos infantís son tamén un claro exemplo da nosa aprendizaxe. Nos primeiros anos de vida son unha gran ferramenta de socialización.

Se analizamos a maioría dos contos tradicionais vemos como estes asignan a cada sexo uns rasgos e aptitudes psicolóxicas, intelectuais, manuais e morais. Estas ideas están impresas e rematan créndose coma verdadeiras. Os contos infantís fan que estas crenzas ideas e prexuízos se transmitan e reproduzan de xeración en xeración. A maioría dos contos transmiten condutas e roles estereotipados e contribúen a darlle continuidade ás relacións de desigualdade. Os estereotipos presentes nos contos foron impostos pola cultura. Moitos destes estereotipos marcan ás persoas que pasan a velos coma calidades innatas...

Se queres rematar a lectura do artigo entra na páxina da biblioteca.



Club de lectura

Xa hai meses inauguramos, non sen un chisco de incerteza, un ambicioso proxecto: UN CLUB DE LECTURA que abranguerá a maior cantidade e diversidade de alumnos (e profes) posible. Dado que o curso pasado, por cuestións técnicas, non había máis que un grupiño formado por alumnos de 1º da ESO, nin se nos pasou pola cabeza que ao formar 3 clubes íamos ter tanta xente e tan bo material.

O club do primeiro ciclo da ESO empezou por ler "Palabras de caramelos", unha historia sobre un rapaz saharauí, sordomudo, que ten como amigo a un camelo. Os integrantes deste grupo lerón, falaron, xogaron cun programa feito para eles e aprendieron moito cunha exposición, non só desa outra cultura senón de situacións da vida as que ningún de nós podería afacerse facilmente.


O grupo do 2º ciclo leu "O neno do pixama de raias", outrra historia sobre un neno, esta vez de posición privilexiada, que descubre, sen querelo (e nolo amosa a nós) as barbaries dun campo de concentración na Alemania nazi. Os lectores e as lectoras deste grupo tamén xogaron e falaron moito, e tanto traballaron que xá están dispostos a ler un 2º libro "Verónica decide morir" de Paulo Coelho, un texto de título tráxico pero que é exactamente todo o contrario: un canto á vida.

E aquí rematamos esta andaina co relato do que aconteceu co grupo de lectura dos Bacharelatos, o mais lento de todos, pero con razón, pois lemos um libro de case 600 páxinas "La ladrona de libros", outra historia de nenos e de libros en tempo de guerra, cando a morte más traballo tiña, unha historia que conseguimos saborear para deixala plasmada nun álbum de fotos coas imaxes que nos deixaron mais pouso...e que pouso!

Acción lectora.


Sección Os Miúdos.

A rebelión feminina contra o poder insultante dos rapaces. A revolta converxese en loita e, polo medio, as rapazas divertiranse con moitas aventuras.



Sección En tránsito .

Verónica atópase ante unha situación límite, non lle apetece seguir vivindo. Cando nada parece ter sentido, Verónica atópase coa vida.



Sección Veteranos:

Un rapaz, o tendeiro da esquina, un pai deprimido e unha longa viaxe, vannos permitir gozar dunha deliciosa visión da vida.



Día Muller: UN PULO MAINIÑO E DEMORADO

O século XX. Principios. En período de guerra:

- As guerras mundiais provocan a incorporación masiva das mulleres ao traballo.
- Participación feminina nas acción reivindicativas en defensa do seu papel social.
- A saia xa é máis curta para favorecer o traballo.
- Aparecen as garderías.

Despois da I Guerra Mundial:

- Algunhas volven ao fogar. Outras son desprazadas para traballos que non queren facer os homes. E as demás loitan para conservar o seu posto de traballo e o seu nivel salarial.
- Aumenta o número de mulleres sindicadas.
- A Revolución rusa iguala os salarios de homes e mulleres.

Despois da II Guerra Mundial:


- Volvi darse o recrutamento de mulleres para fábricas de armamento e outros sectores durante o conflito bélico.
- Nos países capitalistas xa non se ve mal que as casadas teñen traballo asalariado.
- As mulleres abandonan pasenxadamente o agro e o traballo doméstico. Van á industria e aos servizos.
- A clase media tamén aporta un bo número de oficinistas, pero con soldos cativos. Deste grupo social tamén saen as pioneiras das profesións liberais: medicina, enxeñaría, etc. O ensino é o principal sector de acollida.
- Non desaparece, aínda, a segregación sexual no mercado de traballo. As mulleres traballan nos sectores recoñecidos 'compatibles' coa súa condición feminina.

E elas axudaron



Nesta páxina ofrecémos unha boa receta para o tempo libre


RETACIÑOS DE MÚSICA...



-Un libro...

Así como suena, de Lawrence Lindt da editorial Ma non troppo.


Relato moi ameno que conta algúns dos acontecimentos, inventos e ocorrências que tiveron unha importancia fundamental na evolución da música clásica e na innovación musical.



-Unha colección....

Estilo HIP HOP, distribuído pola discográfica do mesmo nome

Audios e videoclips nunha das coleccións de hip-hop más completas da música española.



-Unha película....

Amadeus, de Milos Forman (1982)

Obra maestra que recrea a vida de Mozart a través da mirada do seu rival Salieri, na que se pode gozar do placer de escutar gran parte da obra musical do xenial compositor.

Unha película, ou dúas.



Título orixinal: La classe

Ano: 2008.

Director: Laurent Cantet.

Guión: François Bégaudeau.

País: Francia.

Xénero: Drama.

Idade: Mayores de 13 años



Título orixinal: The reader.

Ano: 2008.

Director: Stephen Daldy.

Países: USA y Alemania.

Xénero: drama.

Distribuidora: On pictures.

Actores/actriz: Kate Winslet, Ralph Fiennes.

FAUNA ESCOLAR

Como ás veces ocorre, a un profesor francés dáselle por transladar a súa experiencia escolar ao papel en forma de novela, vén logo un director de cinema que gusta do libro e pensa en levalo ao cine. O elo común que os move é deitar no público unha reflexión sobre a fauna escolar: alumnos, profesores, pais de alumnos e outros bichos. E é ben doado recoñecerse neles. A diferenza fica só na orixe do alumnado (poboación inmigrante en Francia) e o lugar do centro (o alfoz de París). Podes lelo en galego, castelán ou francés ou ver o filme en castelán ou versión orixinal. Ti decides.

Logo da II Guerra Mundial iniciase a historia de amor entre Michael e Hanna, unidos casualmente e separados imprevistamente. Anos despois Michael reencóntrase con ela en circunstancias ben distintas: Hanna é unha das acusadas de ter cometido horribles crimes contra os xudeus.

A película formula todo un debate ético e fainos reflexionar sobre os responsables do holocausto nazi: ¿eran monstros despiadados sen moralidade? ¿Eran almas cegadas pola ira? ou ¿eran persoas normais como todos nós?. ¿Son responsables as persoas que obbedecen ordes, sexan cales foren estas?

E un pouco de todo.

Premios San Clemente, os lectores de instituto deciden



Desde hai quince anos celébrase un premio literario ben peculiar, pero que por esa peculiaridade conseguiu un eco increíble no sistema literario mundial. Non hai escritor hoxe en día que rexeite pasar unha xornada con dez rapaces de instituto e toda a parafernalia que os acompaña. Estes dez rapaces son alumnos galegos de cinco institutos do país que deciden cales obras escritas nese ano merecen dito premio. Esas obras distinguinse pola súa lingua de producción, isto é, galego, castelán e outra lengua. O prestixio gañouse axiña e non hai autor que renegue a súa presenza en Compostela por un día.

En días pasados estiveron na capital de Galicia María Reimóndez, Luis Landero e causou inmensa expectación a chegada do xaponés Haruki Murakami, escritor pouco dado á exhibición pública.

Quen sabe se da experiencia piloto do noso instituto, falese de clubes de lectura, promoverá a algúns dos nosos alumnos como integrantes de futuras edicións destes premios. Eles tamén compartirían a xenerosa presenza de autores de renome universal.

St. Valentine's day



In the 3rd century A.D. Claudius was emperor of Rome. He needed a large army, and as he thought that married men were bad soldiers , he made marriage illegal. But a young

Christian bishop continued to marry young couples in secret. His name was VALENTINE. When Claudius found out what Valentine was doing he put him in prison.

He was executed in February 270 A.D.

Legend says that while Valentine was in prison, he fell in love with the jailor's daughter. She was blind, but because of his love and faith in God, her sight was restored. Before he died, Valentine sent her a goodbye

Like many other holy festivals, St Valentine's Day was originally a pagan festival, celebrated by the Romans . In this festival, dedicated to the god Lupercus , there was a lottery in which all the young men "won" a girl companion. The early Christian church of 400 A.D. didn't like this "heathen" festival , and changed it to a lover's saint's day. They dedicated the festival to St. Valentine. It officially began in 490 A.D. and gradually replaced the pagan festival.

Although the old Roman lottery was abolished , mid -February was traditionally the time for young men to look for girlfriends. So they started the custom of giving hand-written messages to girls they liked. They were given on February 14th- St. Valentine's Day. The oldest card still surviving now in the British Museum , was sent in 1415 by Charles, the Duke of Orleans, to his wife. As Christianity spread , so did the custom of Valentine cards. By the mid-19th century people could send them by post and a new custom began: anonymous cards. People took advantage of this anonymity to send cards about sex. In fact cards became so "obscene" that they were banned in some countries. Once, the Post Office in Chicago ,USA refused to send about 250,000 cards because they were "indecent".

Nowadays Valentine's Day is big business and millions of Valentine cards are sold around the world. You can buy romantic ones , funny ones, rude ones, sexy one... in any size and colour. Of course you mustn't put your name . Half the fun is trying to guess who it's from: a secret admirer, a friend (as a joke) or even your mum.

Cards are sent in many countries , including Japan where it is also the custom to give your boss a present! If you don't want to send a card then you can put your message in a newspaper, or hire someone to deliver it personally. There are red roses, chocolates in heart shaped boxes , special Valentine's Day suppers in expensive restaurants. It's impossible to forget St Valentine's Day- the shops make sure of that.